

## Acusacions de Castela

Con motivo da visita do representante do falanxismo ao Centro Galego, realizada en decembro pasado, produxose na nosa colexividade un momento de indignación, que algún resentido aproveitou da mala fe para sementar cizaña e inducir á confusión.

“Opinión Gallega”, anxeiosa de recoller o xuízo do noso persoeiro respecto a tan noxento asunto, entrevistou a Castela, quen, coa craridade nel característica, fixo as seguintes declaracións, que copiamos do noso querido colega:

—“O noso periódico, intérprete fiel da colexividade galega de Bós Aires, desexa coñecer a opinión galega de vostede respecto ao derradeiro desdichado episodio do Centro Galego e as súas posibles consecuencias.

—Pergúnteme vostede e eu lle contestarei con absoluta sinceridade, como quen pensa en vos outa, entrando até no fondo das cuestións, si vosede o desexa. Odio a mentira, sobor de todo cando se utiliza como arma de combate, e por eso quero ofrecer a miña verdade núa, sen tapaduxos, anque produza escándalo. Empece, pois, a perguntar.

—¿Qué lle pareceu a vostede a recepción do embaixador no Centro Galego?

—Non coñezo ao Sr. de Areilza, representante da Hespaña franquista; mais dixéronme que os seus paisanos chamábanlle “Barlovento”, como premio ás súas listezas xuveniles. Parece-me, pois, moi natural que anxeiasse penetrar no Centro Galego para acreditar de listo diante do seu goberno. Hei de dicir que agradeceríamos o discurso que pronunciou para os galegos de Bós Aires, no que se recoñece a dualidade Galiza-Hespaña e outras lindezas gratas ao noso paladar (¡ou, o “Libro de San Iago”, de Filgueira Valverde!), si nas súas bellidas verbas non se escondera un anzol. Díxese que os discursos alí pronunciados non saíron da mesma fábrica —o de Villamarín parece escrito en Valladolid e o do embaixador en Compostela—; pero si o primeiro pecou de parvo, o outro pasou se de listo. Non hai para qué declarar como lamentamos a recepción do señor de Areilza no Centro Galego, debida a un abuso de autoridade do señor Villamarín, non á decadencia do republicanism galego. Alí estaban todolos franquistas coñecidos, con Otero e Burés, menos Limeres, Campos e outros cuco da Agrupación “Celta”, máis preavido que os de “Galicia”. Total: unha dúcia de idóneos do falanxismo e tres dúcias de corchos humanos. Teña por moi certo o señor de Areilza que si no seu lugar estivese un embaixador da Hespaña republicana, todo o edificio sería pequeno para dar cabida os asistentes. E como isto é verdade, non eremos que o señor de Areilza se anote un trunfo, senón todo o contrario... Pero queda por ver a cuestión que o señor Villamarín e os seus corifeos nos plantexaron sen ningunha necesidade.

—¿En qué concepto ten vostede ao señor Villamarín?

—Un cura da nosa terra, tido por infeliz, solía predicarlles aos seus fe-

### Responsabiliza aos dirixentes das agrupacións “Celta” e “Galicia” pol-a visita do embaixador franquista ao Centro Galego

ligres: “Deus condena o odio entre irmáns e non vexo por qué ha de haber esquerdas e dereitas na nosa parroquia. Fagámonos todos da dereita, meus fillos”. Pois algo así como este cura é Villamarín; pero máis sedutor... O aitual presidente do Centro Galego parece, ademais, no boticario da “Verbena da Pa’oma”, e craro está que lle gustaría saír de ganehete con unha morena e unha rubia ou co señor Areilza e eu, poño por caso de coores contrarios. Este don Hilarión é tan irresistible que mistura a iauga co aceite con sóo mirallos. Cultiva o arte de seducir aos seus interlocutores e por eso tidúase republicán ou monárquico, federal ou unitario, rexionalista ou centralista, según lle conveña. Ténselle por demasiado complacente desde que mandou arriar a bandeira roxa e gualda para dar gusto aos republicáns, e a renglón seguinte deixou entrar no Centro Galego ao representante da ditadura hespañola, para darlle gusto aos falanxistas. Non ostante, en creio que Villamarín, por non ter convicción algunha, considérase leal a varias causas, como aquela marquesa adéltera que se consideraba fidel, non sóo ao seu marido, senón a sete homes máis. Non hai dúvida que don Xosé Villamarín é un home galante e fino en eistremo. Dícese que ao saír

da súa derradeira bronconeumonía recibiu un fermoso ramo de frores, ouseque da embaixada franquista, e que para retribuír tanto favor decidiu regalalle o Centro Galego, sen consultar aos socios; e craro está que tal eiseeso de galantería tenos a todos indignados, ineruso a Troitiño. Conste que non se trata de ningún maniroto —é varias veces millonario—; pero a súa visión é tan curta, que non soupo ver o ancho camiño dos éxitos, que nós abrimos e ofrecimos para o seu ben e o da institución que preside.

—¿Cómo debe interpretarse a colaboración dos galeguistas co señor Villamarín?

—Os galeguistas sempre estamos dispostos a colaborar con quen honre á colexividade galega, pero endexamais con quen a deshonre; i esta regra de conduta foi observada a raxafáboa. En efecto, os galeguistas e republicáns fomos invitados a dirixir a obra cultural do Centro Galego, a requerimento do seu novo presidente, o señor Villamarín, elixido en 1947, sen ningunha axuda do galeguismo. Coñecemos a liviandade política do señor Villamarín e non era cousa de deixalo soio, a mercede dos tiburóns, sabendo que o presidente anterior ha-

bía deixado á porta ao embaixador. Entramos, pois, a colaborar con aquela Xunta en virtude dun convenio pol-o que os galeguistas obrígábase a orgaizar nitos de outa sinificación cultural e Villamarín comprometiase a non recibir ao embaixador mentras subsistise na Hespaña o réxime totalitario. Este convenio foi cumprido lealmente por ambas partes. Pero en outubro derradeiro renováronse as autoridades do Centro Galego, baixo a mesma presidencia do señor Villamarín, e ao reorgaizarse a comisión de cultura, volvéuse a solicitar a colaboración dos galeguistas; pero éstos negáronse a presta-la por falla de garantías satisfactorias, dando inmediato aviso á colexividade do perigo que se aproisimaba. Isto é todo; e ningunha persoa honrada poderá dicir que os galeguistas faltaron ao seu deber de patriotas e republicáns. ¿Esquencéronse xa as xornadas galegas do pasado xullo e o orgullo con que todos líamos os comentarios da prensa argentina? Pois aquelas insuperabeis xornadas débense ao esforzo e á competencia dos galeguistas. Agora os homes de “Celta” andan dicindo que a colaboración galeguista dou prestixio e proveito aos seus enemigos, cousa que non negamos. Eso probaría, en todo caso, o valor estraordinario da nosa colaboración e o des-

feito que siguen inspirando os homes de “Celta”. En verdade, eiquí os fúnecos que deben arrependirse son os que non comprenderon o noso sacrificio e non-os axudaron a evitar o sucedido.

—Alguén crêe, non ostante, que os galeguistas equivocáronse e que deben confesar a súa equivocación.

—En política os erros e os delitos, solen confundirse, porque causan danos igoaes; pero, en boa moral, xamais se poden confundir aos delinquentes cos equivocados. Agora ben; cando involuntariamente se causa algún dano, é natural que se confese o erro cometido, pois sóo así se perdoa. A conciencia debe imporse ao amor propio. Pero é o caso que os galeguistas non somentes estamos satisfeitos, senón orgullosos de haber cumprido co noso deber, e, ademais, estamos seguros de non haber producido dano algún, senón todo o contrario. E, por conseguinte, folga a confesión que se nos pide. Eiquí hai dous grupos de culpabeis: os que recibiron ao embaixador e os que andan propalando a necesidade de recibilo. Eiquí hai dous grupos de desaprensivos: os que avalan candidaturas de falsos republicáns e os que despois contribúen a tapar as súas traicións. Eiquí hai dous grupos de charlatáns: os que nada fixeron por evitar o sucedido e os que se alegran de que sucedese para ter un motivo de protesta. Pero eiquí hai tamén moitos milleiros de galegos capaces de xugar e castigar, e á súa sentença encomendamos o pleito que os culpabeis, os desaprensivos e os charlatáns queren plantexarnos.

—Vaiamos ao fondo das cuestións: ¿Cál é a posición de vostede respecto ao Centro Galego?

—Fíxeme socio do Centro Galego ao desembarcar nestas praias; entrei por primeira vez no seu recinto como quen entra nun lugar sagro; precurei vivir nas súas inmediacións, para sentirme preto da miña patria ideal; endexamais me neguei a colaborar coas súas autoridades cando se trataba de honrar a Galiza ou á institución; sentínome constantemente orgulloso da súa grandeza e amostreilla a cantos amigos viñeron a Bós Aires; mantivenme alonxado das súas loitas intestinas e das súas argalladas electoreiras; sufrín con paciencia bastantes incorreccións dos seus dirixentes; e si agora me decido a intervir no pleito que a Xunta aitual do Centro Galego suscitou frente ao republicanism da nosa colexividade, fágoo por simple intrés patriótico, non político. Eu ben quixera que o noso Centro Galego fora algo así como a entidade - estado de todolos inmigrantes galegos da Arxentina (como tal se ten o Centro Galego da Habana, respecto aos galegos de Cuba) e que o seu presidente fose a máis outa representación da nosa colexividade; pero nin o Centro nin o seu presidente souperon aleanzar esta categoría. En realidade, o Centro Galego de Bós Aires é unha institución arxentina, por imperio da lei e gozo de todos nós; pero é unha obra eiscrusivamente galega, non hespañola, porque non se debe ao esforzo dos asturianos, casteláns, aragoneses, andalúces, eistremeños, vascos e cataláns, senón aos galegos. Eiquí eisten varias entidades hespañolas de

(Continúa na pág. 4)

## Manifesto Dos Estudantes Composte áns

Iste Comité dirixese a vos pra decirvos o seguinte:

Hespaña vai camiño da súa total desintegración. A ruína económica acada dimensións catastróficas. Non hai máis política económica ca do estraperlo, orgaizada polos sindicatos, polas oficinas de Abastos, polos alcaldes, é dicir, polo poder púbrico. A isto hai que engadir o inmenso exército de burócratas que sangra ó país. Así é que os fantásticos presupostos, que pasan de 16 mil millóns de pesetas, sáldanse sempre con déficit de 500 millóns de pesetas. Todo isto produce a gran inflación que padecemos, dando lugar a unha caótica circulación fiduciaria. Si é que mantemos a balanza de comercio é gracias a que non hai quen nos venda a creto; o que significa o degazamento da industria, e do comercio, a perda dos nosos mercados, o isolamento internacional. Isto é a economía dirixida, encamiñada a facer máis ricos ós ricos e máis probes ós probes, pra terminar todos probes.

Do mesmo xeito, o pensamento hespañol é dirixido; i é dirixido con un sectarismo noxento. En Hespaña non hai diálogo, fálase con un monólogo pra todo o país. Os xornaes dín o que lles mandan poñer; os escolantes, profesores e publicistas traballan por encargo, pro non dín o que saben. Os plans de estudos están feitos pra aprender cousas, pro non pra meditalas, pra refreisionar sobor delas. ¿Non vedes como na Universidade non se aprende a pensar por conta propia? ¿Non vedes como no bachillerato, o mesmo que na Universidade, obrígannos a estudar un sinfín de cousas pra que no nos quede tempo a pensalas? En vez de precurar testas ben feitas, precúrase que estean ben cheas; en vez de facer sabios, queren facer sabedores; isto non é educativo, humanístico; isto é incongruente co fundamento psicolóxico dos plans cíclicos. E isto producirá a decadencia espiritual máis desconsoladora. Falla a base de toda gran empresa, de toda obra desintresada; o resorte moral, movido

por unha vibradoira formación da sensibilidade. E isto somentes se pode conquistar con unha formación das nosas mocedades.


Veleiquí por qué nós, mozos universitarios coma vos, vos facemos ista apelación mediante iste toque de clarín, mediante iste berro de alarma; porque somentes nós, unidos aos estudantes do Maxisterio i escolantes e demáis estudantes de carreiras especiaes, podemos revalorizar, restaurar os valores morales, espirituales e materiales por medio de un gran momento da mocidade galega, unida á mocidade de todolos povos hispánicos cos que estamos en relación, evitando que isto deembeque nunha nova guerra civil.

Iste Comité aconséllavos e prérgavos que, pra furtarse á persecución dos órgaos da represión, non vos manifestedes; abonda con que esteñades atentos ás informacións que de cote vos proporcionaremos. Somentes vos requerimas a que poia vos conta estudedes os nosos problemas, principalmente os atinentes á nosa terra; pois o día de mañá pra colaborar á solución dos problemas de Hespaña, e pra encadrarse no concerto das Nacións, hai que aitar dende todolos ángulos do país, i a nós tócanos facelo dende eiquí; é un principio fundamental de xeopolítica. Sobor nós non pesa a responsabilidade do presente, e moito menos a do pasado; pro gravita sobor nós o deber de orientar o futuro do noso país. I a pródites outos fins vos facemos iste chamamento. E ren máis.

Santiago, mes de Nadal de 1948.

O COMITE DE ESTUDANTES UNIVERSITARIOS

NOTA: Mandai copia d-ista folla aos vosos compañeiros de Santiago e de outras localidades, facéndoo por correo pra evitar os riscos que ocasionaría o entregala personalmente, ou tamén botándoo por debaixo da porta.



# Acrarando Posicións e Xulgando Condúctas

## Resposta a unha carta ea un comunicado d-Agrupación "Celta"

O Caudillo continúa queixándose do trato de Norteamérica e Inglaterra. Dí que Hespaña debería ser inculada no "Pran Marshall", como aito de xustiza e de humanidade, porque —agrega— é como si nunha illa houbera oito persoas e chegara un barco con alimentos somentes para sete, ¿qué faría o oitavo? (O oitavo pol-o visto é él).

Pois que demostre as agallas de que fai alarde e que se bote con dentes e uñas sobor de calquera; e si non... que se tire ao mar. Ao fin e ao cabo, deste xeito terminará algún día, pol-as boas ou pol-as malas.

E si quere facer algo bó pol-a súa patria —cousa que hastra agora non se veu—, que deixe o camiño libre para que outros a leven a porto salvo. ¿Sería o mellor que fixera na súa vida!

\* \* \*

"Francisco Franco, caudillo de Hespaña por la gracia de Dios". Esto que parece unha lénda dun cartel falanxista, é nada menos que a lénda que levan as novas pesetas, que, por certo, non son como as de antes, de prata, senon dunha aleación que se pon negra ao pouco tempo de uso.

Non sabemos de quen se haberá valido o xeneral para outar tan sinalada distinción, a distinción que outrora se otorgaba soamente aos monarcas, cuia xenealoxía viña de séculos.

¿Será que as cousas do ceo van perdendo tamén categoría? Oxe é tan fácil d'sper dalgún cintaxo ou medala na terra, que non-os estrana que aía, pol-as outuras, padezan do mesmo mal.

\* \* \*

Agora que de esa gracia parece que non participa o povo. A situación da Hespaña é cada vez máis catastrófica: a economía derrubada; as mercaderías pol-as nubens; a xente morta de fame; a tuberculosis infantil chega a proporcións aterradoras...

Sería conto de nunca acabar si seguáramos describindo as lindezas do paradiso franquista; pero dexamos esa tarefa para os novos ricos que van de Bós Aires á "madre patria" e atópanse nela no mellor dos mundos, porque alá —dín eles— hai de todo.

Craro que hai de todo, incluso asesinos dos mozos irmáns e aproveitadores das desgracias do povo para encher eles a bursa, onde se misturan moedas con bágoas.

¡Viva a Gran Revolución Nazonal!

\* \* \*

No "Potrero sin alambrar" anda un cabalo solto, que da coites a destre e sinistro e relincha como un adoecido.

Pero o curioso do caso é que non se trata dun cabalo de carne e oso; é un cabalo de cartón, que ten no sitio do miolo un aparato de relojería, que regula todol-os seus moimentos.

Cando ten toda a corda, non hai quen-o soporte; hai que arre-larse dél, porque ponse como tolo —como o que é— e non respeta a ningún, nin siquiera aos que lle dan empallada.

Cando se lle acaba a corda, é como un xoguete inútil que xaz no fayado e que inspira máis lástima que outra cousa.

¡Non lle arrendamos a ganancia ao reloxeiro que lle da corda!

\* \* \*

Na nosa coledividade están ocorrendo feitos que asombran. A Xunta directiva do Centro Galego, composta de elementos das agrupacións "Celta" e "Galicia" acorda recibir a visita do embaixador franquista, e somos nós, os galeguistas, os culpabeis de que os salóns do noso Centro sexan afrentados de tal xeito.

A lo menos asín o dí un periódico tiduado órgao —que nin siquiera é organillo— de moitedume de xente. O desenfado deste pasquín, convertido nun vertedeiro de injurias e calumnias ao servico dunha das agrupacións pro Centro Galego, é do máis indecoroso e inmoral que darse pode.

Houbera un pouco de honestidade e patriotismo nas persoas encarregadas de facer esa folla insultante, e o autor de tamaños agravios sería no aito desmentido e residenciado. A nós, non-os importan esos desaforos dun probe resentido; pero doinos que un periódico galego, autonomista e republicán por añadidura, descenda á mentira para combatirnos.

\* \* \*

Sabemos moito dos entretelóns deste asunto do embaixador. Coñecemos a opinión de homes de "Celta", que "picarescamente" nos d'cian que estaban traballando en favor da visita malfadada para facer caer na trampa o inocente —ou o que sexa— de Villamarín.

Estamos enterados das opinións dalgúns conspicuos repúblicos, que aconselaban, eisplicita ou tácitamente, a conveniencia de realizala. Nós non atacamos a ningún sen motivos, e menos inxustamente. Defendemos sempre a cordialidade e a unión fronte aos sagros intreses da nosa Terra; pero non estamos dispostos a calar nin a sufrir homildemente os ataques injuriosos de indocumentados.

Si é preciso, berraremos ben outo, e sacaremos a relocir todol-os trapos suxos dos que agora se queren botar de immaculados e non son máis que un montón de basoira. Con que, ollo ao parche, que en canto toque a redobrar, o noso tambor vaise a ouvir en todol-os antros, por moi soterrados que se atopen.

### CORTIÑA DE FUME—

A Agrupación "Celta", Pro Centro Galego, tanto de por sí, —con comunicados ou "solicitudes" de prensa e con cartas privadas,— como por interpósita "boca de ganso", ven recurrendo ao método, raposeiro e confusionista, de tender unha tépeda cortiña de fame pra que as xentes non lles vexa as luxaduras dos seus moitos pecados. O truco é tan doado com-o dos calamares que se fan invisibles escondéndose na súa tinta; ou com-a dos pillabáns moimantes que, cando birlan unha carteira e son descubertos, percuran despistar aos seus perseguidores berrando: "elí vai, elí vai"...

A táctica, non oustante, é tan coñecida que xa non engana a ninguén. A coledividade galega, felismente, istá ao cabo da rúa e se non de xa engaiolar. Coñece ben as "troitas" e "lampreas" como tamén aos sapos que por aí andan a rebulir, e olla as suas cabriolas ou escoita as suas croadas con piadosa sorrisa unhas veces e con noxo outras.

Pol-a nosa parte, poñemos en moymento o ventilador da verdade documentada pra desfacer a cortiña de fume. Non á ser nosa a culpa, si detrás d-ela, o esbaírese o fume, aparecen o presidente eo segredario d-Agrupación "Celta" ispdos i en ridícula postura. Elo lles ocorre por seren parvos, por se prestar a servir de "taparrabos" de máis outos e cucos persoaxes e tamén por ser mintireiros.

### A NOSA RESPOSTA—

Na edición do 22 de xaneiro último do periódico "Galicia", —trocado agora en órgao d-Agrupación "Celta", apareceu un comunicado da dita "Celta", sinado pol-o seu presidente e pol-o seu segredario. Preténdese n-ise escrito, chmparse de enriba a acusación que lle fixemos de sere ela responsable, xuntamente coa Agrupación "Galicia", da deshonra que caiu sobor do Centro Galego coa visita que, o con-sabido "persoaxe falanxista", lle fixo no derradeiro día do derradeiro ano. Con unha audacia propia de ñorantes ou de irresponsables, fan acusaciós e afirmaciós, cuia falsedade pasamos a probar, non con meras faladurías senón con datos certos e concretos como tamén con fideles documentos. E perdoémosos si, por ista vegada, falamos nun tón un pouco suburbano e áspro. Facémolo esí pra non desentoar moito coas verbas acedas que emprega a Agrupación "Celta" na súa devandita "solicitada" publicada pol-o periódico "Galicia". Non atopamos axeitado o botarlle margaritas a os... que non as saben estimar.

A nosa resposta aos tres puntos da "solicitada" d-Agrupación "Celta", é a seguinte:

1º — No mes d-Outono do 1947 o eleitorado do Centro Galego deulle o primeiro trunfo a Agrupación "Galicia", cando aínda non habían colaborado os membros da Irmandade Galega. Trunfou a "Galicia" sobor da "Celta" en eleu-ciós de fondo, pois elixíase presidente. Porqué foi derrotada a "Celta"? Xa o dixemos; e voltamos a decilo: porque o eleutorado galeguista-republicán quixo castigar a Agrupación "Celta" pol-os seus pecados i especialmente por haber tolerado, en complicitade crara, que seu afiliado o presidente Manoel Otero e os seus afiliados membros d-aquela Xunta Directiva, houberan invitado e recibido no Centro Galego a Embaixada falanxista do cruceiro "Galicia". Trunfou a candidatura d-Agrupación "Galicia": Xosé Villamarín pra presidente e cinco vócaes. A nova Xunta Directiva do Centro Galego ficou composta por: 1 membro da "Terra", 5 membros da "Galicia" e 8 membros da "Celta". Val dicir: con maoría ausoluta d-Agrupación "Celta" que incluso tiña e tén a vice-presidencia.

Pois ben, isa Xunta Directiva, con presidencia da "Galicia" pero con maoría ausoluta da "Celta", nomeou por unanimidade a tres irmáns galeguistas pra integrar a Comisión de Cultura do Centro Galego. ¿Con qué autoridade moral

Embaixador a visitar a sede social o 31 do mesmo mes...

¡Coidamos que folgan os comentarios! Somentes poremos o subrayado d-unha sorrisa compasiva ao "papelón" que, coas suas afirmaciós campanudas, fixeron os mintireiros presidente e segredario d-Agrupación "Celta", d-isa Agrupación na cal aínda hai bós e sinxelos gale-

pode a Agrupación "Celta" chamarnos, —con senso peiorativo—, "colaboracionistas"? ¿Non colaboraban cos mesmos da "Celta"?

A colaboración dos irmáns galeguistas, deu por felis resultado unhas "Xornadas Galegas" que tiveron éisito estraordinario, que enaltece-ron o Centro Galego e que prestixiaron, coma nunca en Bós Aires, o nome sagro da nosa patria Galiza. Xornadas feitas, ademáis, baixo d-un preno e craro sino galeguista-republicán. E compre lembrar que no Día de Galiza, foi o galeguismo o que fixo que o señor Villamarín dise, as 9 da mañán, a orde de arriar a bandeira monárquica-falanxista que fora izada solapadamente no frente do Centro Galego. E compre tamén lembrar que foron membros d-Agrupación "Celta" os únecos que no seo da Xunta Directiva do Centro Galego protestáronlle ao señor Villamarín pol-o arriamento da dita bandeira, feito antigalego e antirepublicán pol-o cal a "Celta" non os condenou, namentras a Irmandade Galega castigaba coa suspensión a un dos vócaes d-aquela Xunta Directiva, afiliado seu, que habían feito a dita protesta, castigo que impuxo con enerxía non oustante tratarse de un meritorio e moi benquerido irmadiño.

Si a colaboración dos galeguistas deu prestixio a aquela Xunta Directiva, a santo de qué tiña de favorecer a minoría que era da "Galicia" e nón a maoría que era da "Celta"?

2º — N-iste punto da "solicitada", a Agrupación "Celta", baixo as firmas pampantes e campanudas do seu presidente e do seu segredario, afirma "sin temor a ser desmentidos", que non foi "planteado ni discutido" en ningunha das sesións oficiais da Xunta Directiva do Centro Galego a realización do agasallo ao Embaixador falanxista. E aínda engade, moi orondamente, a seguinte afirmación: "no hay, pues, acta que comprometa a nuestros representantes..." ; Iso quixeron e percuraron cazurramente lles! Mais non contaron coa "viuda"... E a viuda os colleu pol-o pescozo e lles deixou documentada a sua imprícita i eispícita aprobazón do invite que o presidente Villamarín lle fixera ao Embaixador falanxista pra visitar o Centro Galego.

E vel-ái vai o "desmentido" a groseira mentira que, coa maor frescura, firman o presidente eo segredario d-Agrupación "Celta":

Na acta da sesión celebrada pol-a Xunta Directiva do Centro Galego o día 30 de Decembre do 1948 (visperas da visita do Embaixador) e coa presenza do vice-presidente señor Manoel Limeres e do vocal señor Xosé Campos, ambol-os dous pertencentes a Agrupación "Celta", aprobouse, sen observación algunha, baixo do rubro "Licitaciones y compras" o costo do servizo de "Lunch" a realizarse o 31 d-ise mes co motivo da visita do Embaixador...

De maneira que os señores Limeres e Campos, d-Agrupación "Celta", aproban os gastos que vai a demandar o "lunch" a servirse o día seguinte en homaxe do Embaixador, eo presidente eo segredario da sua Agrupación "Celta" afirman alegres e confiados que lles, —o Limeres eo Campos—, ñoraban a visita do "persoaxe falanxista". ¿Quén engana a quén? Os señores Limeres e Campos enganaron o presidente eo segredario da "Celta", ou ístes queren enganar a coledividade?

E aínda hai máis! Da proba antedita escapouse o terceiro membro d-Agrupación "Celta" compoñente da Xunta Directiva do Centro Galego, señor Pedro Paz. Pero tamén iste caiu no chivo e ficou collido pol-a gorxa, tae como se vai comprobar.

Na acta da sesión da X. D. do Centro Galego celebrada o 5 de Xaneiro d-iste ano (cinco días dispóis da visita do Embaixador falanxista) e coa presenza dos señores Manoel Limeres e Pedro Paz d-Agrupación "Celta" deisouse consinado que, por omisión, non se fixera constar na acta correspondente a sesión do 30 de decembro derradeiro, o acordo tomado POR UNANIMIDADE pol-a Xunta Directiva, de invitar ao

dito. Manoel Otero, ex-presidente do Centro Galego e Manoel Burés ex-membro da X. D., os dous levados a ises postos pol-Agrupación "Celta", asistiron a receución do Embaixador no Centro Galego. Ou é que a "Celta" non considera a ises homes coma "conspicuos"? Pois alá ela e lles...! Mais o certo

3º — Dise n-iste punto da "solicitada" da "Celta" que A NOSA TERRA e máis "Opinión Gallega", fallan "descaradamente" a verdade o dicir que membros conspicuos da mesma, concurriron ao homaxe o Embaixador. Pois ben, refirmámolo o

# Rexurdimento Galeguista e Republicán

Noutro lugar deste número insertamos o manifesto que o comité de estudantes universitarios composteláns dirixe aos seus compañeiros. Néi, despois de trazar un sombrío bosquejo da situación hespañola, invítase a todos os estudantes a formar un fronte común coa mocidade galega, xungha á mocidade de "todos os povos hispánicos", para restaurar a liberdade e a democracia. "evitando —son as súas verbas— que isto desemboque nunha nova guerra civil".

Causanos unha grande satisfacción que a nosa mocidade estudiosa sexa a primeira en erguerse contra do réxime falanxista. E que o faga, ademais, cun senso nidiamente galeguista.

Estábase un pouco tristes por a falla de reacción da nosa xuventude, tildada por algúns pesimistas de carente de ideal. Esta varil chamada, que sea como un clarín de guerra na inminente Compostela, ven a desmentir aos derrotistas, aos faltos de fe, que nos anunciaban a morte de todo sentimento altruista na nosa Terra.

Non podía menos de ser así. En todas as partes do mundo e en todas as épocas da Historia, sempre a mocidade estivo presente nos postos de vangarda na loita pol-os grandes ideais da Humanidade. A nosa xuventude responde a esa lei, que é a máis alta condición de que se pode gabar a mocidade. ¡Louvor a ela!

Non sabemos o que tardará en callar e adquirir forza o movemento que agora escumeza en Sant Iago. O primeiro paso está dado. E lembrémos que noutras ocasións, cando xa todo parecía perdido, foi Galiza o baluarte onde se afinca a resistencia para iniciar a reconquista.

Calquera que sexa a sorte que corra este chamado angustiados, él debe ser para nós motivo de lección e de orgullo. Pero tamén debe ser motivo de fonda reflexión. Si queremos que os nosos irmáns que loitan por ceibarse das cadeas que os apriñeitan, teñan alento para manterse firmes nos combates que os agardan, debemos mostrarnos d'ños deles. En vez de andar a tombos uns cos outros por pequenas miserias, é necesario que teñamos un pouco de serenidade e comprendamos que dese xeito iremos a un fracaso rotundo.

Temos que ser un exemplo de honradez e de seriedade, si pretendemos que mañán se nos respete na nosa propia Terra. ¡Qué lles diremos, cando as cousas se normalicen —que o día ha de chegar— aos que nos preguntan alá qué é o que fixemos: no exilio, a cuberto de infortunios, mentras eles estiveron sufrindo as máis grandes torturas?

¡Qué sirva o manifesto dos estudantes composteláns de "berro de alarma", de aturuxo para que todos os galegos republicáns e autonomistas nos sintamos irmáns e axudemos aos que na noite pecha loitan, non sementes pol-a súa independencia e liberdade, senón tamén pol-a nosa!

## (TRADUCCION)

En otro lugar de este número, insertamos el manifiesto que el comité de estudiantes universitarios compostelanos dirige a sus compañeros. En él, después de trazar un sombrío bosquejo de la situación española, se invita a todos los estudiantes a formar un frente común con la mocedad gallega, unida a la mocedad de "todos los pueblos hispánicos", para restaurar la libertad y la democracia, "evitando —son sus palabras— que esto desemboque en una nueva guerra civil".

Nos causa una gran satisfacción que nuestra mocedad estudiosa sea la primera en alzarse contra el régimen falanxista. Y que lo haga, además, con un sentido nidiamente galeguista.

Estábase un poco tristes por la falta de reacción de nuestra juventud, tildada por algunos pesimistas de carente de ideal. Esta varonil llamada, que suena como clarín de guerra en la inminente Compostela, viene a desmentir a los derrotistas, a los faltos de fe, que nos anunciaban la muerte de todo sentimiento altruista en nuestra Tierra. No podía menos de ser así. En todas las partes del mundo y en todas las épocas de la Historia, siempre la mocedad estivo presente en los puestos de vanguardia, en la lucha por los grandes ideales de la Humanidad. Nuestra juventud responde a esa ley, que es la más alta condición de que se puede alabar la mocedad. ¡Llor a ella!

No sabemos lo que tardará en cuajar y adquirir fuerza el movimiento que ahora comienza en Santiago. El primer paso está dado. Y recordemos que en otras ocasiones, cuando ya todo parecía perdido, fué Galicia el baluarte en donde se afianzó la resistencia para iniciar la reconquista.

Cualquiera que sea la suerte que corra este llamado angustiados, él debe ser para nosotros motivo de alegría y de orgullo. Pero también debe ser motivo de reflexión. Si queremos que nuestros hermanos que luchan por librarse de las cadenas que los aprisionan, tengan alentos para mantenerse firmes en los combates que los esperan, debemos mostrarnos dignos de ellos. En vez de andar a tumbos unos con otros por pequeñas miserias, es necesario que tengamos un poco de serenidad y comprendamos que de ese modo iremos a un fracaso rotundo.

Tenemos que ser un ejemplo de honradez y de seriedad si pretendemos que mañana se nos respete en nuestra propia Tierra. ¡Qué les diremos, cuando las cosas se normalicen —que el día ha de llegar— a los que nos preguntan allá qué es lo que hicimos en el exilio, a cubierto de infortunios, mientras ellos estuvieron sufriendo las mayores torturas?

¡Qué sirva el manifiesto de los estudiantes compostelanos de "berro de alarma", de "aturujo" para que todos los gallegos republicanos y autonomistas nos sintamos hermanos y ayudemos a los que en la noche cerrada luchan, no solamente por su independencia y libertad, sino también por la nuestra!

## ANINOVO

por VERDUGUILLO

Aninovo, meu leitor,  
escumeza a camiñar.  
Xa veremos si é mellor  
que o que acaba de pasar.

Esperemos que algún día  
nosos maes teñan fin,  
o mesmo que a guerra fría  
entre Truman i Stalin.

Ánque non son optimista,  
inda teño unha esperanza:  
a de que a todo feixista  
poida furárselle a panza.

Habrá de ser entón  
o porco aberto en canal.  
¡E con qué satisfacción!  
¡Unha festa nacional!

Egoa que lobos fementos,  
betaránse ao cocho as xentes,  
e os anacos sinquientes  
arrincaránllos cos dentes.

O sol brillará en Hespaña;  
e entre verbenas e touros,  
relembremos a Azaña  
e acabaremos cos mouros.

Música, grúa e foguetes  
e repique de campanas,  
con lamentos d' bonetes  
e choricos de marranas.

Fucirán os asesinos  
perseguidos sen cuartel,  
deixando pol-os camiños  
a súa baba de fel.

Non me quixera atopar  
no pélexo das beatas;  
van-as de fixo a cazar  
como se cazan as ratas.

De monxas, frades e cregos  
están vendendo unha gran feira,  
para mercar os labregos  
desperdiçados de esterqueira.

¡Qué vito é unha barbaridad?  
Non-o dudo nin-o nego,  
mais isto sucederá.  
¡Quén non-o vexa está cego!

Mentras tanto o novo an  
vai descorrendo o seu velo,  
teñamos visto, na man,  
ben afiado o coitelo.

## ACRARACION

Como na revista oficial do Centro Galego dos meses de Decembro do 1948 e de Xaneiro en curso, aínda aparecen os nomes dos galeguistas don Pedro Campos Couceiro, don Rodoño Prada e don Avelino Díaz, na nómina da Comisión de Cultura do dito Centro, fagúémonos un deber en acrarar que, os ditos tres señores, en cartas dirixidas no mes de novembro do 1948 ao presidente do Centro Galego rechazando a desñazón de que foran ouxeto pol-a Xunta Directiva pra integrar novamente a Comisión de Cultura.

Quede, pois, constancia de que, os devanditos tres señores, dexaron de integrar a Comisión de Cultura do Centro Galego dende o mes de Outubro do ano pasado.

## Cantares

A lúa vai pol-o aire,  
o sol pol-a carretera;  
meu cariño pol-o teu  
sospira na noite enteira.

Fuches o primeiro amor  
que me enseñache a querer;  
non me enséñes a olvidar,  
que non-o quero aprender.

De alá da banda do río  
ten meu pai un castiñeiro  
que da castañas no Agosto  
i vras no Xaneiro.

# ACRARANDO POSICIOS E XULGANDO CONDUCTAS

(Ven da pág. 2)

é que a "Celta" os levou a postos tan outos e nonrosos.

¿Quén falla "descaradamente" a verdade, señores presidente e segredario d-Agrupación "Celta"? El fica o noso "rotundo mentís" ao que vós nos emplaçáchedes con xitanería alegre e irresponsable!

## MAIS PROBAS E MAIS CONCRETOS—

Deixamos dada comprida resposta aos tres puntos da "solicitada" da "Celta". Mais, a íses tres puntos, síguense na tristeira "solicitada" outras afirmacións que constitúen outras tantas mentiras, que imos por ao descuberto.

O presidente e o segredario da "Celta" dín na súa "solicitada" moi soltos de corpo, o seguinte (que transcribimos no idioma estranxeiro en que foi escrito): "La Agrupación "Celta" con mayoría absoluta desde el año 1938 hasta Octubre de 1948, jamás se prestó a la comisión de un acto como el que acaba de realizarse el 31 de Diciembre de 1948 en el Centro Gallego, apenas la Agrupación "Galicia" logró la mayoría que le permite el control de la institución".

Pero, os que firmaron iso, padecen de amnesia, son parvos ou son cínicos? E logo, non foi baixo o goberno da "Celta" que se invitou e se recibiu no Centro Galego a Embaixada falanxista do cruceiro "Galicia"?

Aíto iste que, por certo, motivou a protesta pública da colectividade galega, según quedou documentada n-un comunicado que se publicou na prensa bonaerense coas firmas da Federación de Sociedades Gallegas, dos Centros Orensano, Pontevedrés, Coruña e Corubián e da Irmandade Galega? E qué, a Agrupación "Celta" protestou d-aquél acto ou sancionou a algún dos seus afiliados que eran membros d-aquela Xunta Directiva, tae como fixo a Irmandade Galega con un

dos seus irmandiños que era vocal da dita Xunta Directiva do Centro Galego e a ves tamén membro da "Celta"?

## REPUDIO "VERSUS" APRAUSO!

E chegamos ao final da "solicitada" ao final da "solicitada" da "Celta", atopándonos coa parte máis torpe e máis churrusqueira (pra os "señoritos" de vila que teñen esquecido o léxico galego, temos de lles acrarar que "churrusqueira" non ten relación algunha con "churrasco", xa sexa cando ista verba se refire ao saboroso prato galego argentino, como cando se emprega, no "argot" arrabaleiro, pra pór de releve a bonitura d-unha moza garrida e repoluda. Churrusqueiro, —ben o saben os que se lembran do angazo—, quer dicir: gracioso).

E non pode ser máis torpe nin máis churrusqueira a atitude dos benditos (enténdase "infelices") presidente e segredario da "Celta", cando proccraman solenemente que a súa Agrupación (voltamos a trascribir textualmente): "Repudia con toda enerxía la irresponsabilidad y el colaboracionismo de los hombres de "Irmandade Galega".

Pois a lapidaria resposta a íse "repudio", dáncela feita, verbas e conceptos escritos pol-a propia Agrupación "Celta". Os mesmos señores presidente e segredario que firmaron íse repudio, dirixiron (e firmaron) ao noso irmán Prada, —un dos homes da Irmandade Galega que colaborou na Comisión de Cultura do Centro Galego—, unha espresiva carta apraíndo o seu "colaboracionismo"—, carta que os nosos lectores atoparán en recadro n-ista mesma páxina.

Dispois de tudo elo, ¿qué máis se pode dicir pra que os señores presidente e segredario d-Agrupación "Celta", fiquen no máis tristeiro ridículo? Soio lles queda botarse a fuxir avergoñados, pra esconderse e librarse das risotadas das xentes que os están ollando na cómica postura de homes en coiros, de homes íspidos de corpo e de espíritu.

## CARTA SINIFICATIVA

# AGRUPACION CELTA

PRO CENTRO GALLEGO - DEMOCRACIA Y PROGRESO

Buenos Aires, Julio 27 de 1948.

Señor don Rodolfo Prada — CAPITAL.  
Distinguido Adherente:

En nombre de la C. D. que me honro en presidir, tengo el año honor de dirigirme a Vd., a fin de expresarle nuestra viva simpatía por la valiosa acción que viene cumpliendo en el seno de la Comisión de Cultura del Centro Gallego.

Al mismo tiempo, deseamos hacerle llegar nuestra más cálida felicitación por la brillante iniciativa concretada en la Primera Exposición del Libro Gallego en Buenos Aires, realización que constituye una positiva reafirmación de nuestra cultura intelectual y que al prestigiar a nuestra colectividad enaltece a sus realizadores, entre los cuales corresponde a Vd. el galardón más preciado.

Nuestra Agrupación, cuyos elementos han trabajado tanto y bien, para que el Centro Gallego cumpliera como corresponde con el tercero y olvidado postulado de su Estatuto, no puede escatimar el aplauso ante las buenas iniciativas y, en esta oportunidad, lo hace con íntima satisfacción, por tratarse de un éxito personal de quien como Vd. se halla en nuestras filas.

Con las seguridades de mi más amplia consideración y particular estima, me complazco en saludarle muy atto

Fdo.: JUAN A. BUJIA, Secretario  
" JOSE M. FERREÑO, Presidente".

**PRINCIPIOS DO GALEGUISMO**

- 1 - Galiza, unidade cultural.
- 2 - Galiza, povo autónomo.
- 3 - Galiza, comunidade cooperativa.
- 4 - Galiza, célula de universalidades.

# A NOSA TERRA

(NUESTRA PATRIA)

CORREO ARGENTINO CENTRAL B  
FRANQUEO PAGADO  
Concesión N.º 2023  
TARIFA REDUCIDA  
Concesión N.º 2727  
Registro Nacional de la Prop. Intelectual 231.437

Ano XXXI — Núm. 467

BOS AIRES, XANEIRO DE 1949

Redacción - Administración: Rúa BELGRANO 2186

## ACUSACIONES DE CASTELAO

(Ven da p. x. 1)

carácter franquista e me parece natural que nelas onde a bandeira da Hespaña e se rinda pleitesía ao seu embaixador; pero no Centro Galego abonda con izar a bandeira argentina e a insinua tradicional de Galiza, que flameou sobor dos edificios públicos da nosa Terra, cando na Hespaña existía algunha liberdade. Para izar a bandeira hespañola no noso Centro e agasallar ao embaixador do goberno hespañol, é preciso que Hespaña se reintegre ao réxime democrático e que Galiza disfrute da autonomía que receramou por meio dun plebiscito popular e dentro da máis estrita legalidade.

—¿Qué xuício lle merece a voste obra do Centro Galego?

—Si consideramos ao noso Centro como unha entidade patriótica e altruista, é preciso dicir que, para honra e gloria da colectividade galega de Bós Aires —hoxe máis próspera que nunca—, non abonda con curar aos socios enfermos e darlles sepultura cando morren. En coñeza a obra mutualista, benéfica, cultural e recreativa que os nosos irmáns de Cuba levaron a cabo dende o seu gran Centro Galego, gracias á intelixencia dos seus iniciadores, ao altruismo de varios millonarios, que así se honraron a si mesmos, honrando á súa patria. ¿Pódese acaso comparar aquel Centro co noso? Eiquí todo se fixo coa simple aportación de cuotas mensuales, baixo o signo mutualista, e non embargantes, consintese que algúns potentados viajan ao Centro Galego, non a sacudir a súa repreta balsa, senón a satisfacer ridículas vanidades. Na porta do noso edificio social patentíza-se a vontade dos fundadores en tres verbas de bronce: "Mutualidade - Beneficencia - Cultura"; pero dentro do edificio só se cultivou o mutualismo, con tan necios procedementos, que hoxe a nosa máisima institución atópase nun trance de aguña. Era fácil eiseitar o natural egoísmo das xentes e conseguir unha hipertrofia da mutualidade, desprezando os avatares do porvir; pero agora só vemos no noso Centro a uns cantos socios fundadores, todavía capaces de calquer sacrificio, fronte a unha inmensa moitedume de socios fundadores, que dan cinco pesos coa intención de sacar dez. Aquel é unha feira de enfermos en busca de médicos e meichíns, e para atendelos debidamente sería preciso triplicar o número de facultativos. Con esto, quero dicir que, por falla de alento patriótico e altruismo, atópase o noso Centro nun calexón sen saída.

—¿Cree vostede que fracasou a obra mutualista do Centro Galego?

—Ningunha empresa mutualista pode fracasar nun ambiente de confianza e solidariedade cando é dirixida por homes espertos, austeros e prudentes. ¡Viva, pois, o mutualismo! Pero éste non é o caso do noso Centro Galego. Eu compároo co da Habana e digo que eiquí non temos un "Teatro Nacional", un "Plantel de Enseñanza", un "Gran Salón de Festas", un "Campo de Recreo" e outras fontes de ingresos que poden salvar a obra de asistencia social en momentos de apuro. Todo eso podíamolo telo, e aínda superado, porque a nosa colectividade é máis rica que a da Habana; pero con maníacos do ferro e do cemento, que botan contos pol-os dedos, non se salva nin o mutualismo. Recorde vostede cando as Xuntas do noso Centro medían os seus éxitos pol-o cuantioso e crecen-

te superávit que lograban. Por aquel entón sobrava o diñeiro, e sen embargo, rechazaron un plan de cultura, que Prada lles presentou e que Neira Vidal suscribiu e traicionou, porque supoñía un gasto anual de dez mil pesos. Foi preciso que os balances trocasen o superávit en déficit para que os homes do noso Centro se lembraran da cultura, para tapar con éxitos espirotaes o seu fracasado materialismo. Veu Otero Pedrayo a honrarnos coas súas maxistrais conferencias, celebrouse a Exposición do Libro Galego, que puxo moi outro o bon nome de Galiza, e veuse que non só de pan vive o home... Este era o momento de atraer aos puidentes da nosa colectividade, non só para levar a cabo un gran plan de cultura, senón para iniciar a obra de beneficencia de que tan necesitados estamos. Hoxe conta a nosa colectividade cun refuxio para ancianos que non se debe a ningunha iniciativa dos coñecidos xerifales; pero estamos vendo chegar a este país moitísimos mozos tuberculosos de Galiza, que só atopan amparo nas institucións argentinas, porque o rigor do mutualismo galego non permite atendelos. A min cóntame que hai galegos ricos e desexosos de contribuir a unha gran obra patriótica e altruista, e ningún con máis autoridade que o Centro Galego para iniciala. Eu creo posíbel engrandecer espirotalemente a nosa máisima institución, e co empuje moral viría de seguida a salvación económica do que hoxe está en ruínas. Pero o señor Villamarín sigue os vieiros dos seus predecesores e só se lle ocorreu empeorar a afiliva situación do Centro Galego, hipotecándoo tal vez para engadirlle máis ferro e máis cemento.

—¿Qué opina vostede dos homes habituais a gobernanos do noso Centro Galego?

—As loitas pol-o poder no noso Centro só me preocupan en razón do trastorno que causan á colectividade, non porque as súas campañas merezan a menor atención. Os que alí gobernan ou aspiran a gobernar solen ser homes desligados da nosa vida colectiva, e neso parécense aos vellos políticos dalá, que só se acordaban de Galiza para perturbala en visperas de eleccións. Eu vexo aos xerifales da nosa máisima institución tan igoaes entre si, tan idénticos na súa mediocridade, que non val a pena de exilios, pois ningún deles é mellor que outro. Creo que bastaría con sortealos, e así aforrariáanse disgustos. Non digo que sexan incapaces de rexir un Centro Galego convertido nunha empresa utilitaria, e que o administren co mesmo cuidado que poñen nos seus propios negocios; pero si digo que non están capacitados para rexir unha institución altruista, nin siquiera unha empresa de outros vóos, pois sendo negociantes de profesión, non souperon prever a aitual decadencia económica do Centro, en contraste coa prosperidade do país e dos mesmos asociados. En fin; a min avergónzame que os presidentes da nosa máisima institución nin siquiera seipan leer un discurso, non só porque les falta o hábito de leer, senón porque non entenden nin sinten o que leen. Así se comprende que eu xa máis tomase partido por ningunha das dúas agrupacións que veñen turnando no goberno da nosa entidade mutualista.

—¿Qué xuício lle merecen a voste de os agrupacións que loitan pol-o poder no Centro Galego?

—Creo que só interesa falar das

dúas principais: "Celta" e "Galicia". En véxoas, como unha parexa mal avida, que acabará por entenderse. Non esquezamos que unha saeu da outra, como Eva de Adán, e que sobor de ambas pesa o pecado de orixen. O seu deus é a serpente, e con esto queda dito que "Celta", máis astuta, farálle tragar a mazán a "Galicia". Pero... falemos en serio: os homes de "Celta" gobernarón o Centro Galego por espazo de dez anos e tiñan a desfachatez de chamarse republicáns ao aproximarse as eleccións, pero nos demais días portábanse como feixistas. Eles presentaron candidatos antirrepublicáns; enarboaron a bandeira monárquica e abafaron ao mesmo tempo a galega, que era a insinua da institución; mantiveron nos Estatutos —días veces reformados— a presidencia honoraria do Centro a favor do embaixador hespañol; agasallaron a unha embaixada estraordinaria do goberno feixista; propalaron a necesidade de rebir canto antes ao aitual embaixador; protestaron de que no Día de Galiza se houbera arriado a bandeira que os republicáns repudiamos; trataron de encubrir graves irregularidades na administración, etc. E por todo isto os eleitores do Centro Galego proscribiron aos homes de "Celta" e sacaron do ostracismo aos de "Galicia". Agora ben; si os fementidos republicáns de "Celta" utilizaban o gorro frixio para gañar eleccións e logo o traicionaban, os homes de "Galicia" prometeron respectar a opinión democrática dos nosos emigrados e manter dentro do Centro a máis absoluta neutralidade política, sen ferir os sentimentos de ningún, tal e como está estatuído; pero ao ano do seu goberno rindiron honores ao embaixador franquista, cometendo un abuso inínterrible, que ofendeu os sentimentos democráticos, republicáns e autonomistas da colectividade galega de Bós Aires. E visto que ambas agrupacións, "Celta" e "Galicia", fan o contrario do que prometen e pórtanse como traidoras, eu estimo que deben residenciarse.

—¿Qué solución aconsella vostede?

—Os galeguistas non integramos un partido nin aspiramos ao goberno de ningunha institución. Por eso temos liberdade para opinar neste asunto, emitindo soamente o noso criterio persoal. O meu non pode ser máis razoable. Creo que si a agrupación "Galicia" fose capaz de salvar o seu decoro democrático, eispulsando ao señor Villamarín e a todos cantos se engancharon con él, as cousas poderían quedar como estaban; pero é moi difícil que a pureza ideolóxica triunfe onde abundan os vellos carcamas. E, pol-o tanto, é de prever, nas próximas eleccións do Centro Galego, que se castigue a "Galicia" e que se lle dé o trunfo a "Celta", como antes se castigou a "Celta" e se lle dou o trunfo a "Galicia", en cuio caso caeríamos nas consabidas reaccións pendulares, con abstención cada vez maior do electorado. Ao meu xuício impónse unha total renovación e transformación das loitas pol-o poder no noso Centro. Pensar que os asociados dunha agrupación se pasen a outra das xa existentes, eso é como pedir peras ao olmo; pero eu estou seguro de que ningún se resistiría a engrosar unha nova agrupación, con homes de recoñecida solvencia e un programa ben meditado. Así, pois, eu creo que se debe pensar nunha nova entidade pro Centro Galego, si na nosa vida colectiva fican alentos para tamaña empresa...

## Protesta pol-a visita do Embaixador franquista ao Centro Galego

No Centro Galego de Bós Aires acaba de producirse un feito insólito, que fireu profundamente os sentimentos democráticos e republicáns da gran maoría da colectividade galega radicada nesta capital, feito que non podemos silenciar.

Sen anuncio, previo, e dun xeito case clandestino, as autoridades da referida institución recibiron ao representante do réxime ilegal que se apoderou do poder na Hespaña, mediante unha sublevación militar, apoiada fortemente por tropas, mariña e aviación, aportadas con abundancia por Hitler e Mussolini. As moitas e abrumadoras probas documentadas delo, sirviron de fundamento irrefragante para que a O. N. U. condenase por ilegal e totalitario ao réxime do xeneral Franco, negándolle a súa incorporación a ese orgaismo internacional. Elo aparte, e no que particularmente nos afecta dunha maneira moi fonda, ese réxime ten sobor de si a tremenda responsabilidade de milleiros de fusilamentos e asesinatos reaizados na nosa querida patria Galiza.

A inmensa maoría dos 300.000 galegos residentes na gran capital desta querida República Argentina, patria dos nosos fillos e solar ilustre da liberdade e da democracia, mantense fidel á legalidade da República Hespáñola e ás esenciais patrióticas —dereitos do povo galego— que representa e defende o Consello de Galiza. Non embargantes, e por natural e debido respecto a este país, que tan xenerosamente nos acolle, douse o tácito consenso xeral de que a nosa máisima institución —no orde mutualista—, o Centro Galego, se mantivese neutral no problema político hespañol, até que o noso povo, coas debidas garantías de liberdade, restablecese a legalidade na Hespaña.

O presidente do Centro, don Xosé Villamarín, e os demais membros da Xunta Directiva, pertencentes ás Agrupacións "Galicia" e "Celta", romperon esa liña de sana i outa conduta co recibimento feito no 31 de decembro de 1948, ao representante do réxime imperante na Hespaña. E aínda que o recibimento foi frío e deslucido, e coa soia presenza dalgúns directivos i empregados da institución —obligados a elo—, non por eso foi menos lesivo e ultraxante para o sentir ben mañifesto da colectividade galega.

As entidades que suscriben, as que xuntamente coa importante Federación de Sociedades Galegas— que pol-a súa parte xa publicou a súa protesta—, son as máis importantes da nosa colectividade, ao igual que noutras oportunidades eispresaron o seu repudio diante da embaixada do cruceiro "Galicia" ao Centro —invitada pol-os directivos daquel estonces—, fanse oxe tamén fideles intérpretes da xeral indignación das xentes galegas, e protestan enérxica e altivamente pol-a ofensa gravísima que, con este novo feito, inferiron á colectividade galega de Bós Aires.

Bós Aires, Xaneiro de 1949.  
Centro Ourenán - Centro Pontevedrés - Centro Betanzos - Centro A. B. C. de Corcubión - Irmandade Galega.

## ASAMBREA D-AGRUPACION "GALICIA"

Pra mañán, primeiro de febreiro, istá convocada a Agrupación "Galicia" a unha asamblea no local da rúa San Xosé N.º 224, con ouxeto de sulgar ao seu afiliado D. Xosé Villamarín, presidente do Centro Galego, pol-a súa torpe aitude de levar ao Embaixador en visita a dita entidade, feito que produxo xeral indignación e que motivou enérxicas protestas de núcreos de calificados adherentes da "Galicia".

Con orgullo e satisfacción, temos de dicir que a dita asamblea foi eisixida por afiliados galeguistas que non istán dispostos a tolerar o aldraxe que o señor Villamarín lle fixo aos sentimentos republicáns da maoría dos socios do Centro Galego.

Non sabemos o definitivo resultado que terá a dita asamblea da "Galicia". Os ánemos istán alporizados e, dende logo,

a xuntanza dos afiliados a "Galicia" á se desenrolar nun ambiente de rexa loita, pois sabemos da mobilización dos elementos reacionarios-falanxistas con pretensións de afogar a protesta dos galeguistas-republicáns.

Sexan cales sexan as resolucións da Asambrea d-Agrupación "Galicia" de mañán, sempre ficarán os seus afiliados galeguistas-republicáns, co outo honor de teren erguida a súa protesta alcontra do feito tristeiro e maçoante que tanto feriu a masa de 300.000 galegos de Bós Aires.

Os pseudos republicáns que aítuan aivamente na Agrupación "Celta", non foron capaces d-ise xesto nin cando as autoridades do Centro Galego, saídas das súas fías, izaron a bandeira "mata nenos", nin cando recibiron a Embaixada-falanxista do cruceiro "Galicia".